

VALDIVIELSO, Joaquín: *Ciudadanos, naturalmente. Reciclar los valores cívicos en clave ecológica*. Horsori Editorial, Barcelona, 2011, 144p.

*“Si no es suficientemente democrático
que el científico social determine el ámbito de la ciudadanía,
tampoco lo es que lo determine un régimen de gobernanza no
democrático”
(Valdivielso 2011: 139)*

Neste libro o profesor Valdivielso, profesor titular de Filosofía Política na *Universitat de les Illes Balears*, aborda, dun xeito claro e sinxelo, o cruce entre o concepto de *ciudadanía* (fundamental na historia da política moderna e contemporánea) e o concepto de *ecoloxía* (de recente aparición na esfera pública pero esencial para entende-lo noso presente). Esta aproximación, curta e libre de academicismos, divídese en tres partes claramente diferenciadas. Unha primeira onde o autor presenta os tres modelos dunha cidadanía ecolóxica aínda por explorar; unha segunda parte onde se discute a idoneidade de que o Estado (a través da zarandeada *Educación para a ciudadanía*) se encargue da promoción deste novo ideal cidadá; e, unha terceira onde se fala de supera-la visión produtivista e consumista da actual concepción da cidadanía.

No primeiro capítulo Valdivielso preséntanos unha terna de modelos sobre o ideal dunha futura (e cada vez máis presente) cidadanía ecolóxica. O *ciudadán de Kioto* sería unha persoa que consume con responsabilidade climática (mais de ámbito privado) dentro dun imaxinario colectivo de clase media consumista global afastado da problematización e revisión das nocións de desenvolvemento, crecemento ou progreso. Máis cerca das devanditas críticas situaríase o *ciudadán da Terra* convencido da ineficacia dos grandes gobernos e preocupado polo cambio de conciencia e ampliación da imaxinación moral para incluír aos seres vivos non humanos que, claro está, non participan de aqueles escenarios. Por último quedaría o *ciudadán sostíbel*, que coa axuda da análise de Dobson fai posíbel descubrir algunhas sombras na concepción tradicional de cidadanía, dividido en dous: o cidadán ambientalista preocupado pola súa contorna pero dentro da concepción masculina, contractual e territorial da cidadanía; e, o cidadán ecolóxico que subliña o feminino, o non-contractual e o non-territorial.

Recibido: 04/03/2012. Aceptado: 16/05/2012.

No capítulo segundo, Valdivielso mostrase sorprendido ante o xiro que tomou o debate sobre *Educación para a cidadanía* en España; namentres noutros países de Europa o tema principal xiraba entre a compatibilidade dos contidos desta materia coa neutralidade do Estado liberal, en España, discutíase sobre o papel das familias ou a relixión na educación dos máis novos. Unha vez superada a súa perplexidade o autor introdúcenos no devandito debate para logo concluír que engadir unha visión ecolóxica no estudo da cidadanía crearía o necesario consenso ambiental sobre os problemas actuais do noso medio, ademais de considerar conceptos como sostenibilidade e igualdade como valores cívicos necesarios para poder disentir dun xeito activo, reflexivo, con capacidade crítica, respectando aos demais e aos medios axustados á cidadanía.

A profunda relación que existe entre o consumo e o concepto actual de cidadanía é o tema do capítulo terceiro. A través dunha análise da obra de Marshall o autor preséntano-la liña imaxinaria que vai dende o gozo material até a civilización material por medio do ciclo inversión, produción, consumo e dereito social. Un ciclo que fomenta unha visión da cidadanía igualitarista e produtivista que esquece as escalas de xustiza e as abismais diferenzas no consumo de bens e servizos dos habitantes do planeta. Para lograr superar esta situación Valdivielso suxire unha “praza pública planetaria” que nestes intres xa se estaría configurando con trazos tales como: a cultura popular e as súas linguaxes ademais das sinais de identidade doutros grupos de excluídos, mulleres, estraños e esternos e as súas esferas públicas particulares.

En definitiva, o libro fai unha aproximación, necesaria en España, entre conceptos políticos tradicionais e a ecoloxía, sinala as conexións e as dificultades desta relación e aspira a ofrecer unha guía simple que logre esclarecer-los distintos tipos de cidadanía ecolóxica a través dunha aproximación ás raíces do concepto de cidadanía para lograr recicla-los nosos valores, sen viola-los ideais cívicos, en clave ecolóxica.

Alberto José Franco Barrera